

A DERRADEIRA LEICIÓN DO MESTRE, DE CASTELAO

Parece que contra o outono próximo teremos ocasión de poder ver en Santiago -por mor dunha xestión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- o lenzo pintado por Castelao en 1945 "A derradeira leición do mestre" (sic), que o Guieiro doou ao Centro Orensano de Bos Aires no 9º aniversario da morte de Alexandre Bóveda. O cadro tivo unha primeira versión, "A lección do mestre" (sic) como estampa editada dentro do álbum *Galicia Mártir* (Valencia, febreiro de 1937). O cadro pintado en 1945 pasou por refundición societaria ao Centro Galicia, tamén en Bos Aires, quen o garda actualmente baixo a presidencia do emigrante galego José Mª Vila Alén.

A posíbel vinda do cadro, chamado con razón o "Guernica galego" (recordando o de Picasso sobre o bombardeo nazi-fascista de Gernika) espertou un notábel entusiasmo público, alentado por varios xornais galegos desde onde se ten pedido mesmo a súa permanencia na Galicia territorial, de modo similar a como aquí están os restos de Castelao. O cadro, porén e afortunadamente, está aínda hoxe en Galicia, coidado por corazóns galegos na outra beira do Atlántico.

Nas páxinas de prensa apenas se aludiu, alén dos valores estéticos e do seu simbolismo, a aquilo que o motivou: o fusilamento, o asasinato ou a morte de mestres e outros profesores de Galicia a partir e como consecuencia do golpe militar franquista de 1936. Castelao podería ter *in mente* a figura de Bóveda como a dun grande educador popular; podería tamén pensar nos seus curmáns Xosé Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelao, mestres en Rianxo e mortos no 37, pero de seguro que pensaba nos numerosos mestres e profesores mortos, sen saber exactamente cantos. Aínda hoxe descoñecemos con certeza o exacto número: algo máis de 90, segundo os nomes confirmados¹, unha cifra espantosa. Esparexidos polas cunetas ou mediante consellos de guerra sen garantía ningunha ou tamén en campos de concentración e nas cadeas nos anos corenta. Case todos varóns, agás dúas mestras.

Non foron os corpos docentes o sector profesional ou laboral que sufriu o maior número de mortes debido á represión falanxista-franquista, como revelan os datos ofrecidos polo proxecto *Nomes e voces*, pero as mortes entre o profesorado tiñan unha particular carga de terror, polo papel que moitos deles xogaban como vermes de luz republicana e democrática, no seu labor diario cos nenos e nenas, coas familias e no territorio da articulación social.

Por que esa furia co profesorado? Sería un erro e unha falta de obxectividade histórica facer recaer no tempo reducido da IIª República todo o impulso de modernización e de renovación pedagóxica que entre nós se pode constatar cara a mediados dos anos trinta. Unha parte dos impulsos viña de atrás nun movemento constante, mesmo a pesar da Ditadura de Primo. Pero a chegada da IIª República introduciu a linguaxe da cidadanía, da democracia, da construción social, da dignidade, da autonomía e da solidariedade. Milleiros de mozos e mozas cheos de ilusión foran convocados ao exercicio profesional dunha nova docencia: no breve tempo da República entre nós, máis de 2000 profesores incorporáronse ás tarefas docentes (sobre todo no ensino primario), que xa desempeñaban case outros 5000 profesores en todo o ensino público. E, en certo modo, a República fixo republicanos os mestres.

En recoñecemento, unha parte dos profesores tamén se farían valedores da República, mediante unha adhesión activa a prol das políticas progresistas, o que ocorreu, en particular, con motivo das eleccións de 1933 e logo delas. Moitos comezaban a acreditar nunha nova escola e nunha mellor e máis xusta sociedade, exercendo, en consecuencia, unha cidadanía e unha profesionalidade novas, enfrontadas cos poderes locais tradicionais e coas súas prácticas caciquís. "Os mestres e mestras da República", como don Gregorio, de Ribadeo ("Uno de tantos") por citar un nome entre centos.

E chegou o 36. A luz da República, estes mestres que andaban á conquista dun novo horizonte social, cultural e cidadán, uns arrepxéronse visibelmente e outros fixérono máis silandeiramente, sendo todos contrarios á violencia fascista. Moitos eran vivas leccións éticas, como o don Gregorio da *Lingua das bolboretas*, un certo relembro do don Gregorio de Ribadeo, pero aínda máis podería ser do mestre ferrolán García Niebla, que con 60 anos foi pasado polas armas en agosto de 1936, o máis vello dos fusilados e figura de grande alento educador en Ferrolterra.

E aquí retornamos "á derradeira leición do mestre". Leducia porque o cadro veña á Galicia territorial. Na súa exposición debería ser acompañado polos nomes do profesorado morto, cos datos básicos de cada un. Renovando unha homenaxe como a realizada o 21 de xuño de 2006 no MUPEGA. Amosando un respecto e un recordo feito de xenerosidade desde o tempo presente e ollando cara a diante. ■

¹ Na *Revista Galega de Educación*, nº 37 (2007), pp. 128-129 está publicada unha relación de 91 profesores mortos.